

EXPEDIENTE: 3340/2022

DECRETO DA ALCALDÍA

Antecedentes:

Primeiro.- O Concello pretende dar resposta as demandas da veciñanza en aplicación do disposto no artigo 17 da Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, en relación coa ORDE de 23 de outubro de 2020 pola que se determina horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das administracións públicas.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia en relación coa Orde de 23 de outubro de 2020 pola que se determina horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Visto: O informe do arquitecto técnico municipal de 20 de decembro de 2022.

Considerando: Que o **artigo 5 da Lei 10/2017, de 27 de decembro**, sinala que “*corresponde aos Concellos (...) f) Autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, en atención aos criterios, supostos e circunstancias que, no seu caso, figuran na orde de horarios prevista no artigo 17*”, e, concretamente os seguintes:

III.2.5. Establecementos de restauración:

III.2.5.1. Restaurantes: 2.00 horas.

III.2.5.1.1. Salóns de banquetes. 3.30 horas.

III.2.5.2 Cafeterías. 2.30 horas.

III.2.5.3. Bares. 2.30 horas.

III.2.7. Establecementos de ocio e esparcemento.

III.2.7.1. Salas de Festa. 6.00 horas.

III.2.7.2. Discotecas. 6,00 horas.

III.2.7.3. Pubs. 4,00 horas.

III.2.7.4. Cafés – espectáculo. 4.30 horas.

III.2.7.5. Furanchos 2,00 horas.

Considerando: Que o **artigo 17 da Lei 10/2017, de 27 de decembro** sinala que “1. *Mediante orde da persoa titular da Consellería competente na materia, e previo informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, determinarase o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e*



finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas; 2. A Orde que determine os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos ou actividades recreativas poderá establecer os criterios, supostos e circunstancias que permitan aos Concellos autorizar, de forma motivada, ampliacións ou reducións sobre o horario xeral”.

Considerando: Que o **artigo 5 da orde de 23 de outubro de 2.020**, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas sinala o horario xeral de peche dos establecementos abertos ao público e o horario xeral de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas; e que o **artigo 7 do mesmo corpo legal**, baixo a rúbrica, ampliación de horario máximo, dispón que “o *horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización de espectáculos públicos e das actividades recreativas aos que se refire esta orde, ampliarase con carácter xeral: media hora as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos*”; e que o **artigo 9 da citada Orde** sinala que “ao amparo do disposto no artigo 5f) da lei 10/2017, de 27 de decembro, os Concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zoas concretas do mesmo os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas, verbenas populares, do Carnaval, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica (...) 3. A efectos desta orde, entenderase por (...) Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos; 4. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en dúas horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas”.

RESOLVO:

Primeiro.- Ampliar, para todo o termo municipal do Concello de A Guarda, os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público clasificados no artigo 5, apartados III.2.5. *Establecementos de restauración* e III.2.7. *Establecementos de ocio e esparcemento*, da Orde de 23 de outubro de 2.020, nos seguintes termos:

- (a) Unha hora e media os días 25 de decembro de 2.022, e 1 e 6 de xaneiro de 2.023.
- (b) Unha hora os restantes días, distintos dos sinalados no apartado anterior, comprendidos entre o 22 de decembro de 2.022 e 6 de xaneiro de 2.023.

Esta ampliación é acumulable á que, con carácter xeral, contempla o artigo 7 da Orde de 23 de outubro de 2.020, de media hora para as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos;

Lembrese a todos os os responsables das diferentes actividades que nestas datas o igual que no resto do ano, teñen a obriga de cingirse a licenza e actividade ou declaración responsable formulada ante o Concello, absténdose de dispor de música, ou espectáculos con ou sin «DJ», absténdose de realizar aquelas actividades que non contan con licenza





específica para dito exercicio, o a de permitir o baile nos establecementos, o improvisar pistas de baile mediante a retirada do mobiliario, nin a cobrar entrada. Así mesmo lembrar a obriga de respectar os aforos por seguridade.

Segundo.- Dar publicidade deste acordo con anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal así como na páxina web deste Concello e comunicarllo á Policía Local.

O Alcalde;

ANTONIO LOMBA BAZ
documento con sinatura dixital ao marxe.

